

ANTONIO FRAGUAS, ETNÓGRAFO

ANTONIO FRAGUAS, ETHNOGRAPHER

Clodio González Pérez Museo do Pobo Galego Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Resumo: O propósito deste relatorio é contribuír ao coñecemento da obra de Antonio Fraguas Fraguas de contido etnográfico e/ou folclórico, dende os primeiros traballos de campo na parroquia natal de Loureiro (Cotobade), que comezou de bacharel por consello do profesor Antón Losada Diéguez, ata o pasamento en 1999. Cofundador da Sociedade da Lingua en 1924, membro do Seminario de Estudos Galegos, do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (director durante varios anos da Sección de Etnografía e Folclore), do plenario do Consello da Cultura Galega (coordinador algún tempo da Sección de Antropoloxía Cultural), director do Museo do Pobo Galego e presidente do Padroado do segundo. Académico numerario da Real Academia Galega (1951, o discurso de ingreso versou sobre as cantigas dos seráns da súa terra de Loureiro), premio de Investigación da Xunta de Galicia, Cronista Xeral de Galicia, premio Ramón Otero Pedrayo etc. Entre as publicacións etnográficas, sen ter en conta os artigos en revistas especializadas, sobresaen: *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas*, *El traje gallego*, *Aportacións ao cancionero de Cotobade*, *Romarías e santuarios* e *A festa popular en Galicia*. Gran divulgador da nosa cultura tradicional, ameno conferenciante e colaborador en xornais e revista.

Abstract: The purpose of this report is to contribute to the knowledge of the Antonio Fraguas Fraguas' ethnological and/or folkloric work, since his first fieldworks in his home parish of Loureiro (Cotobade), in which he began as a bachelor following the advice of professor Antón Losada Diéguez, untill his death in 1999. Co-founder of the "Sociedade da Lingua" in 1924, member of the "Seminario de Estudos Galegos", "Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento" (head for several years of the Ethnological and Folklore section), of the Consello da Cultura Galega plenary (coordinator for some time of the Cultural Anthropology section), director of the Museo do Pobo Galego,

and President of the Patronage of the last one. Member of the Real Academia Galega (1951, his introductory speech was about *cantigas* of his natal Loureiro), prize of Investigation of the Xunta de Galicia, General Chronicler of Galicia, prize Ramón Otero Pedrayo, etcetera. Among his ethnological publications are: *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas*, *El traje gallego*, *Aportacións ao cancionero de Cotobade*, *Romarías e santuarios* and *A festa popular en Galicia*. He was a great promoter of our traditional culture, pleasant lecturer and contributor in newspapers and magazines.

Palabras chave: Antonio Fraguas Fraguas, Cotobade, patrimonio etnográfico, literatura oral.

Key words: Antonio Fraguas Fraguas, Cotobade, ethnological heritage, oral literature.

Antonio Fraguas nace o 28 de decembro de 1905 no seo dunha familia de labregos e canteiros. Sufriu a ausencia do pai durante os anos que este botou no Brasil, participou en todos os labores do campo, gozou das festas que se celebraban na parroquia e contorna, coñecía as necesidades polas que pasaban moitos veciños e tamén soubo das axudas e xenreiras que nunca faltan entre os que viven nun mesmo lugar. A súa vida, ata case os 14 anos en que empeza o bacharelato, transcorre o mesmo ca a de calquera neno de Loureiro, e aínda despois, durante as vacacións, traballa coma un máis de Insuela, a aldeíña onde naceu e se criou, e á que dedicaría o seu derradeiro artigo: “O lugar e a casa onde nacín” (1999).

Consciente de que a súa cultura estaba a ser substituída pola da vila e que, de seguir así, axiña remataría por desaparecer, empezou a compilar a sabedoría e as manifestacións herdadas dos devanceiros, convencido de que formaba parte das últimas xeracións que aínda vivían, cando menos durante a nenez e a mocidade, como dende había séculos, e tamén das que asistirían ao definitivo esmorecemento desta forma de vida.

Non se detivo en facer estudos de análise e comparativos con outras culturas, que ben podía, tendo en conta a súa bagaxe intelectual e coñecementos bibliográficos. Conformouse con exercer de notario e deixar constancia para o futuro de como se desenvolvía a vida na Galicia rural nas primeiras décadas do século XX e, en particular, na súa terra de Cotobade. Se cadra calou datos, pero as omisións compénsanse con outros moitos que mal chegaría a coñecer de non estar mergullado nesa cultura.

Cadroulle vivir nunha das épocas da historia en que os cambios socioeconómicos e técnicos se produciron a gran velocidade, de modo que a situación que coñeceu de neno era totalmente diferente á de maior, podendo comprobar ao longo de case 94 anos como se transformaban as comunicacións, a indumentaria, as diversións, os apeiros, a mantenza...

Polifacético, como a maioría dos compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, presentía que dentro de pouco tempo o que achegase (fose publicado ou inédito) sería o único que se conservaría da memoria dos devanceiros, e do que ían poder tirar as xeracións futuras unha idea de como se desenvolvía a vida no rural había máis dun século, e non só contemplar as terras ermas, que deron noutrora abondoso froito, e as casas derrubadas de perpiaño ben labrado, ergueitas no seu día polos avezados canteiros da comarca.

PONTEVEDRA: O INSTITUTO E A SOCIEDADE DA LINGUA GALEGA

Ata que se matricula no instituto pontevedrés é un neno como calquera dos veciños, que vai á escola pública e no tempo libre participa nos labores agrícolas e gandeiros cotiáns; un membro máis dunha sociedade na que a axuda de todos, por pequena que fose, nunca se rexeitaba: “O meu traballo era ir botar a auga, partir a leña e andar co gando. Como tiña que ir á escola chamei poucas veces as vacas cando se labraba...” (Fraguas 1999: 627).

Na capital, cando vai cara aos 14 anos, descobre un mundo do que ata entón non coñecía máis que de ir á feira cos pais e a mercar algunha roupa. Cadroulle facer o ingreso e o primeiro curso co “ano da gripe”, a pandemia de 1918-1919, da que unha das vítimas foi o pai do que sería en adiante un dos seus mellores amigos, Sebastián González García-Paz, “Tano”, co que mantivo unha entrañable amizade que non serían capaces de truncar a sublevación franquista nin o exilio (Fraguas 1968)¹.

En terceiro matricúlase como alumno oficial e reside primeiro nunha pousada da rúa Progreso (a actual Benito Corbal) e logo noutra na rúa de San Román. Daquela eran tan poucos os nenos do rural que chegaban ao instituto (os que estudaban adoitábano facer nos seminarios), que como na clase había varios co mesmo nome, axiña empezou a ser coñecido por “Antonio o da aldea”:

1 Sebastián González García-Paz, (Pontevedra, 1908-1967). Arqueólogo e historiador. Membro do Seminario de Estudos Galegos (algún tempo secretario) e correspondente da Real Academia Galega. Coa guerra civil tivo que exiliarse en Puerto Rico, onde chegou a decano da Universidade de Puerto Rico. Promoveu a fundación do museo da universidade, dun centro de escavacións e do seminario de estudos portorriqueños.

Eu, claro, era “un da aldea”, un da aldea que non sabía falar castelán, e tiven que aprender ben o castelán [...] Desde que entrei no instituto eu non deixei de ser “o da aldea”. Houbo xa momentos en que presumía de que era “o da aldea” (González Reboredo 1997: 22).

E por iso non tiña a menos falar dos labores do campo e de como había que coidar o gando “porque un dos meus oficios era o de pastor” (González Pérez 1998: 12).

A predisposición era boa, só faltaba un pequeno pulo para comezar a tarefa que non abandonaría ata o pasamento, superando as vicisitudes e os atrancos polos que tivo que pasar do 18 de xullo de 1936 en adiante, que non foron poucos nin triviais. Como contaba decote, todo empezou no mes de abril de 1924 pola suxestión dun compañeiro e o consello dun profesor:

Un día propuxo Sebastián que debíamos organizar un pequeno centro de estudo e comenzo a traballar. Surxíu así unha pequena sociedade que chamamos: Sociedade da Língua, co seu reglamento e unha insignia formada por un pequeno triángulo de prata e as letras S. D. L. colocadas unha en cada vértice do triángulo [...] Tiñamos como temas de estudio facer un Dicionario Galego, estudar os blasóns pontevedreses e facer un estudio da economía das repoblacións forestais feitas polos veciños das parroquias e lugares campesíos de Galicia. Este pequeno Seminario de Estudos surxía en abril do 1924 [...] Foi Losada Diéguez, quen ó saber das nosas inquietudes nos alentou a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa Historia de Galicia e coa súa cultura (Fraguas 1968: 337).

Deste xeito despertou o etnógrafo que levaba acochado dende neno, no último curso do bacharelato e grazas ao compañeiro “Tano” e ao profesor Losada Diéguez, “o mestre que máis influíu en moitos dos que fomos seus alumnos” (Fraguas 1968: 337).

A primeira angueira que se propuxo foi a de recompilar as cantigas da súa parroquia de Loureiro e, principalmente, as que a mocidade cantaba nas ruadas e nos serás que se organizaban á noiteña en varias casas particulares (Fraguas 1930: 55; 2019):

No seu comenzo, a recollida de cántigas e algún romance foi labor caseiro. Eran cousas moi sabidas de miña nai e da señora Antonia, mamá Antonia, e pensaba que irían na monografía adicada á parroquia de Santiago de Loureiro, pero foi aumentado a colección polas ruadas, dunha maneira especial na Rúa do coto, da parroquia de Aguasantas, sen dúbida a mellor festa desta natureza

de cantas se celebraban nas terras de Cotobade. A ela ían mozas de Aguasantas e Valongo, entónces xa non era soamente as de Loureiro. Entre as cántigas recollidas polo menos figuraban as do Sur de Cotobade que son as que agora damos a coñecer (Fraguas 1985: 21)².

O consello do profesor foi decisivo, pero tamén a sorte de lle cadrar por compañeiro Sebastián González, un rapaz da cidade máis novo ca el, galeguista, emprendedor e intelixente. Por iso non é de estrañar que, cando se tiveron que afastar ao remate do bacharelato —o pontevedrés foi para Santiago como alumno oficial no segundo curso—, don Antonio dixese:

Sentiamos ter que separarnos porque xa comenzáramos a facer papeletas de palabras e de pedras de armas pontevedresas, traballos que viñan substituír a outras labores curiosas como un periódico de información deportiva feito na máquina de Sebastián, e no que eu non colaboraba por ser totalmente lego (Fraguas 1968: 337).

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: MESTRES E COMPAÑEIROS

O mozo de Loureiro chega a Compostela no mes de setembro de 1924, cando ía para os 19 anos, con “certa esperanza na nosa S.D.L.”, é dicir, coa idea de continuar o labor da Sociedade da Lingua que fundaran en Pontevedra pouco antes. Mais non sucedeu así. Ao pouco “alguén me deixou sin folgos dando por desfeita a nosa Sociedade e máis as nosas preocupacións que tiñan unha estima especial” (Fraguas 1968: 344).

Achégase ao Seminario de Estudos Galegos (SEG), fundado en 1923, do que se cadra xa oíra falar antes, pero, repetindo as súas propias palabras, “páreceme

2 O mesmo fixo no traballo que publica en 1930 verbo do Entroido, como se verá máis adiante, que se limita ás terras do sur do concello, e, moitos anos despois, ao falar dos muíños, “O muíño nas terras do sul de Cotobade” (1997). O motivo de deixar fóra as catro parroquias do val do río Lerez (Santa María e San Xurxo de Sacos, Tenorio e Viascón) aclárao no primeiro: “comprende somentes a parte sul das terras de Cotobade [...] na intelixencia de que o val do Lerez foron arrecadadas pol-o noso amigo o gran folklorista Xosé Núñez Búa” (Fraguas 1930: 55). Como se pode ver, non quixo interferir no traballo de investigación que dende algún tempo antes levaba a termo o oriundo de Tenorio Núñez Búa, que xa tiña inserido na revista *Nós dúas* achegas sobre este territorio, “Adeviñanzas” (1923) e “Conto de xaneiras” (1925), e descubriera un petróglifo en Tenorio cando andaba “pol-o val do baixo Lerez a recolleitar romances, conselladas e cántigas” (López Cuevillas 1928). Naceu en Pontevedra en 1897 e faleceu no exilio en La Plata (Arxentina) en 1981. Xurista, mestre, político e escritor, membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista. Non temos constancia de que chegase a publicar algo sobre o cancionero, o Entroido e os muíños de Cotobade.

que non asistín máis que a unha sesión”, en parte debido a que non coñecía a ninguén, xa que tanto Losada Diéguez como Castelao residían en Pontevedra e cos demais non tiña trato. A situación cambiou no curso seguinte, 1925-1926, ao matricularse “Tano” en Filosofía e Letras como alumno oficial. Ambos os dous asisten entón a varias sesións por recomendación do profesor Losada e comezan a relacionarse con algúns dos que en diante serán mestres e compañeiros de angueiras. Entre os primeiros, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Castelao e Antón Losada Diéguez³, sobresaíntes membros da xeración Nós, nados na década dos oitenta do século XIX e, polo mesmo, sobre vinte anos máis vellos ca el. Os segundos, Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey, Ramón Martínez López e Lois Tobío Fernández, case da súa mesma idade.

Ademais da relación persoal, o Seminario tamén lle ofrece libros e traballos de investigación non doados de conseguir de non habelos na biblioteca da Universidade. Quizais foi aquí onde tivo por primeira vez nas mans a revista *Nós*, que empezara a saír o 30 de outubro de 1920 (agás que consultase algúns números en Pontevedra por medio de Losada Diéguez), e varios dos libros que cita nos primeiros traballos etnográficos, como *Supersticiones de Galicia* de Jesús Rodríguez López e *O cancionero popular de Vila-Real* de Augusto César Pires de Lima.

O 15 de outubro de 1927 é proposto para socio activo, nomeamento que se fai efectivo o 5 de novembro do ano seguinte. Poucos días despois, o 24 do mesmo mes, xa o nomean encargado da biblioteca, de xeito que ademais de coñecer ben os fondos da institución, vai estar ao día de todas as publicacións que cheguen, ao que hai que engadir que en 1931 participe na catalogación de dúas importantes bibliotecas da Universidade, baixo a dirección do profesor José M^a. de Bustamante: a do arcebispo Manuel Lago González e a de “América”, esta doada por Gumersindo Busto.

O SEG interesouse pola cultura tradicional dende a súa fundación, como amosa o feito de que entre as dez seccións que o compuñan estivesen a de etnografía e a de folclore, que tres anos despois se fusionaban nunha, etnografía e folclore, da que era director Vicente Risco. Con todo, o número de traballos de contido etnográfico que se presentaron foi pequeno, tendo en conta que durante os cursos 1926-1927 ao 1929-1930 só foron catro, fronte aos 17 dalgunhas das outras seccións, como a de historia (Mato 2001: 67 ss.)

3 Finou novo, aínda non cumprira os 46 anos: “Foi unha perda que non se pudo reparar, a morte de Antonio Losada ocorrida en Pontevedra o día 15 de Outono de 1929. O día do seu enterro subimos as escaleiras da súa casa: Don Xesús Carro García, Don Salvador Cabeza de León, Presidente do Seminario, Sebastián González, Ramón Martínez López e máis eu. Na entrada estaba Castelao chorando amargamente, foi abrazando a todos, e ó rematar, movendo a cabeza, dixo: «Alá vai o noso mestre»” (Fraguas 1968: 347). Só puido coñecer dous artigos curtos do que fora o seu alumno: “Compostela al día. Un artista olvidado”, sobre o escultor Uxío Souto e as súas obras “A Druidesa” (1927) e “Unha serán na catedral” (1929).

Fraguas toma parte en todas as actividades ou asiste a elas, como a IV Asemblea que se celebra en Pontevedra os días 7, 8 e 9 de abril de 1928, na que Risco pronunciou a conferencia “Os nosos traballos de etnografía. A literatura popular galega”. Nesta asemblea López Cuevillas ordenou que a catalogar os castros de Lalín, é dicir da Terra de Deza, “irán o Sebastián e máis o Fraguas” (Fraguas 1968: 347). En 1929 traballa na catalogación dos xacementos arqueolóxicos da Terra de Melide e participa, baixo a dirección de López Cuevillas e xunto con Pura Lorenzana, nas escavacións das mámoas do Saviñao, das que se publica o resultado en 1930, o mesmo ano en que dá a coñecer a súa primeira achega individual, “O Entroido nas terras do sul de Cotobade”.

Imparte conferencias, entre as que destaca “O culto ós mortos”, o 9 de maio de 1931 no Ateneo de Vigo, da que un retallo sae na revista *Nós*, ademais, ao mesmo tempo a correspondente separata. Tamén participa en varios cursos que organiza o SEG, como no de “Estensión escolar” en Pontevedra, entre o 28 de xullo e o 24 de agosto de 1935, en particular na sección Galicia e a súa cultura, na que houbo dous relatorios dedicados a “Folklore i Etnografía”, dos que se encargaron Xaquín Lorenzo e mais el.

O primeiro de outubro de 1934 é nomeado conselleiro permanente do Seminario e deixa a biblioteca, por estar destinado no instituto da Estrada e non dispor de tempo para atendela. Pero, a pesar de só residir en Compostela os días non lectivos, continúa colaborando durante as vacacións, como a fins de xuño na “xeira” da Terra de Deza, esta vez como integrante da sección de Xeografía, da que era director Otero Pedrayo.

A súa relación co SEG non remata ata que é clausurado polos sublevados a partir do 18 de xullo de 1936, coa conseguinte represión que sufriron moitos socios e colaboradores: 19 asasinados, 27 exiliados dos que 17 faleceron fóra, e 32 detidos e/ou sancionados, dos que un foi el, vexado polos falanxistas na Estrada e expulsado do ensino público (Mato 2001: 233 ss; González Pérez 2006: 62 ss.).

PRIMEIROS TRABALLOS ETNOGRÁFICOS

Como queda dito, comezou o labor de campo en 1924, por consello de Losada Diéguez cando cursaba sexto de bacharelato, coa recolleita de cantigas para un cancionero que formaría parte da monografía da súa parroquia de Loureiro, obra que nunca chegou a rematar malia que recadase moitos datos⁴. O único que se

4 Descoñecemos a causa que o levou a non a concluír antes da Guerra Civil. Quizais influíse que varios membros do SEG non estivesen de acordo con tantas publicacións etnográficas, como se tira dunha carta de Xosé Filgueira Valverde a Felipe Cordero Carrete, o 24 de decembro de 1935: “[...] Pronóstico y diagnóstico del Melidismo. –El caso Vila de Calvos –Melide –Velle no es casualidad, es síntoma. El

editou como libro foi o cancionero, que non deixou de mellorar con novas contribucións ata que saíu do prelo, en 1985 (cando pasaba dos 80 anos), deixando constancia no limiar de que se trataba dunha compilación moi anterior:

Corresponde indicar, para comprender algunhas manifestacións do Cantigueiro da terra de Cotobade, que estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra... (Fraguas 1985: 13).

A súa primeira publicación etnográfica data de 1930, “O Entroido nas terras do sul de Cotobade”, dous anos despois de rematar Filosofía e Letras e cando xa era socio activo do SEG. Comezou coa celebración máis lúdica e vistosa do ano, que daquela aínda se mantiña ben malia que xa desapareceran algunhas manifestacións, como a dos *cichotos* cos que os rapaces se mollaban entre eles, aos veciños e, sobre todo, ás rapazas que ían á misa o domingo de sexaxésima (o segundo antes do mércores de cinza), verbo da que fai a seguinte advertencia: “ista manifestazón onde tivo mais forza, e onde mas tardou en desaparecer foi en Loureiro”, do que se tira que nesta data xa non se facía pero el aínda lle dedica un apartado co fin de deixar constancia da súa existencia para o futuro (Fraguas 1930: 86).

A esta seguiron cronoloxicamente: “O culto ós mortos”, resumo dunha conferencia pronunciada no Ateneo de Vigo (1931); “Do folk-lore de Armeses-Listanco”, sobre a terra da nai (tamén 1931), e “As lendas da Fonte Pormás”, un manancial que deita na freguesía da Castañeda no concello de Arzúa (1932). Todas denotan o método de traballo que vai seguir no futuro, no que predomina a descrición lineal e sinxela, case como lla contan os informantes, sobre o estudo teórico e comparativo.

Nos anos que median ata a Guerra Civil colabora con outros membros do SEG na obra colectiva *Terra de Melide* (1933), na catalogación dos xacementos castrexos e na recolleita de lendas (estivo en 21 dos 39 estudados). O resto das publicacións

Seminario padece etnografismo agudo. Diagnóstico: Hipertrofia folklórica. Causa: Exceso de traballo de una sección. Remedios: Excitar la actividad de las otras. Y sustituir en esa colección por la publicación. Recuerda que en un año se rechazaron tres Velles: “Moreiras”, “Cedeira” y “Lobeira”, mas cuatro conatos que Fermín eliminó de *Arquivos*. La causa de esta superproducción no está sólo en el contagio portugués ni en la facilidad de trabajo, sin urgencia de preparación técnica. El tradicionista sabe que lo folklórico se va y que el momento queda. Se tiende a perpetuar lo mudable. Pero hay que cercenar ediciones y formar archivo e investigadores...” (IEGPS: SEG, 1935).

Sería a monografía de Loureiro un dos catro “conatos” que eliminou Fermín Bouza Brey? Fose ou non, o caso é que non a chegou a rematar, e na posguerra xa non era posible a publicación tal como el quería (en galego), polo que decidiu abandonar o proxecto e ir dando a coñecer diferentes partes en revistas, como “Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade” (1944), “El lobo en las tierras de Cotovad” (1945), “El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade” (1987) etc.

ata a sublevación militar cingúese a catro artigos curtos, dos que dous son de contido etnográfico: “Domingo de ramos na aldea” (1933) e “Nos cantamos?”, sobre as panxoliñas das noites de Nadal, Aninovo e Reis (1935).

A PARÉNTESI DA GUERRA E A PRODUCCIÓN POSTERIOR

Separado definitivamente do ensino, clausurado o SEG e asasinados ou fuxidos moitos compañeiros, non lle quedou máis saída que malvivir dedicándose ao ensino privado:

O primeiro ano da guerra atureino. O segundo tamén. Pero o terceiro, vendo que ían as cousas así, procurei dar clases. Así, tiven unha academia no pazo de Amarante, no que hoxe son os xulgados [actualmente xa non están neste edificio], na que estiven ata o ano 50 (Latas 1995: 54)⁵.

A única miga de esperanza durante este tempo de medo foi a fundación do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento en novembro de 1943, dependente do CSIC, convertido en herdeiro espurio do SEG, co que colaborou dende o comezo ordenando os fondos bibliográficos. Pero a situación persoal mantívose ata 1950 en que despois de se presentar varias veces, sempre rexeitado polos antecedentes políticos, supera as oposicións de catedrático de Xeografía e Historia e vai para o Instituto Masculino de Lugo, onde desenvolveu, nos nove cursos que botou nesta cidade, un labor cultural extraordinario (Abel 2019).

Durante esta longa tempada de ostracismo só deixou de publicar durante sete anos, ata que en 1944 comeza de novo con “Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade”, un tema relacionado coa súa terra, tamén obxecto de estudo nos seguintes traballos, que poñen de manifesto a gran cantidade de información que levaba recadado dende mozo: “El lobo en las tierras de Cotovad” (1945), “Máscaras y sermones del carnaval en Cotovad” (case é a versión castelá de “O Entroido nas terras do sul de Cotobade”, 1946), “Dous romances de Galicia” (o primeiro artigo en galego despois da guerra, pero publicado en Portugal, 1946), “El ‘garotío’” (1946), “Notas del folklor de boda en Galicia” (1948), “Fiestas populares de Galicia: fiadeiros” (1949), “Notas entorno al maíz” (1960), “Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia” (1965), “A Pena Cadeira e dúas pedras

5 Figuraba como director un crego, Ramón Davila García, e aínda tivo problemas: “tan pronto saleu o nome de «Academia Menéndez Pelayo»... paf!... chegou un inspector de Facenda ou non sei que. Rodearon aquilo. Veu cinco ou seis veces un policía a ver se eu era dono de non sei que cousas... Por fin, non sei que cousa veu polo xuzgado, e era Fermín [Bouza-Brey] o xuíz, e zanzou a cousa, e acabouse. A academia estivo alí ata que eu salín catedrático, e incluso un tempo máis” (González Reboredo 1997: 20).

máis” (1983), “El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade” (1987), “Desde o Antroido á Pascua: vida e costumes a comenzo de século” (as súas lembranzas de mozo en Loureiro, no primeiro cuarto do século XX, 1993), “Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia” (1996), “O muíño nas terras do sul de Cotobade” (1997) e “O lugar e a casa onde nacín” (1999), que saíu do prelo a comezos do ano 2000, cando xa falecera, no que, ademais de describir a vivenda, aproveita para facer unha autobiografía dende o nacemento ata o ingreso no instituto de Pontevedra.

Ademais dos traballos citados, limitándonos só aos de carácter etnográfico, son tamén de grande interese os seguintes, nos que en varios deles tampouco falta algunha alusión a Cotobade: “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovo, Xaneiras y Reyes” (1947), “Contribución al estudio del ‘columpio’ en Galicia” (1948), “Farsas de carnaval en Touro (Coruña)” (1951), “Notas del fuego en Galicia: la farsa de Dulcinea o la quema de la Pascua” (1953), “La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)” (1956), “Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto” (1957), “La Virgen en el cancionero popular gallego” (1960), “Algunos seres fantásticos de nuestra tierra” (1969), “Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular” (1975), “La condesa de Pardo Bazán y el folklore” (1975), “Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto” (1976), “Algunas creencias sobre el mar” (1978), “Algunas cantigas del mar” (1979), “Las costumbres populares gallegas en la literatura de Rosalía” (1986), “As almas do Purgatorio” (1986), “Sinodales de Tui: notas antropológicas” (1990), “O que eu sabía das serpes” (1992), “Leyendas y tradiciones del Camino de Santiago” (1993), “Variantes de algúns contos” (1993), “Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia: Lendas e tradicións” (1995), “O cancionero popular nas Rías Baixas” (1995), “Dos Maios e dos San Xoáns” (1995), “O pantalón chamado cirolas” (1995), “Recuerdo del molino y moler: algo de las ‘muiñadas’” (1998), “Antropólogos de comezos de século: Don Manuel Vidal Rodríguez e Don Francisco Potel Pardal” (1998), “As festas populares” (1999), “As augas misteriosas” (1999) etc.

Moi importantes son os libros, colaboracións en congresos, homenaxes etc., nos que resume a rica bagaxe de experiencias, vivencias e coñecementos adquiridos ao longo de tantos anos. Entre os primeiros sobresaen: *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas* (1973), *El traje gallego* (1985), *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985, na segunda edición pasou a titularse *Cantigueiro de Cotobade*, 1998), *Romarías e santuarios* (1988) e *A festa popular en Galicia* (1995). Das colaboracións en obras colectivas: “Literatura oral en Galicia” (*Evolución cultural de Galicia*, 1980), “Antropoloxía” (*Galicia Eterna*, II, 1984), “Do cancionero á mesa posta” (*Ciencia y Humanismo en la Alimentación*, 1995), e “O traxe tradicional de

Galicia” (*Galicia Antropoloxía*, XXV, 1997). En actas de congresos e homenaxes: “Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla” (*I Congreso de Etnografía e Folklore, Braga, 1956, 1963*), “Algunos dichos y creencias acerca de los animales” (*Actas do Congreso Internacional de Etnografía. Santo Tirso, 1963, 1965*), “Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia” (*V Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, 1965*), “O cambio familiar” (*Actas do Congreso Internacional da Cultura Galega, 1992*), “Desde o Antroido á Pascua: vida e costumes a comenzo de século” (*Homenagem a J. R. dos Santos Júnior, 1993*), “Lembranza de D. Xaquín Lorenzo Fernández” (*Tecnoloxía tradicional: dimensión tradicional e valoración antropolóxica, 1996*), “O folclore na obra de Sarmiento” (*Actas do Congreso “O Padre Sarmiento e o seu tempo”, 1997*), “Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar” (*Antropoloxía Mariñeira. Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde, 1998*) etc. (Méndez/Gómez/Vázquez 2006).

Como remate, non se pode esquecer a súa faceta de gran divulgador: por medio da palabra, como ameno conferenciante que facía por acudir a onde chamasen, e con artigos en xornais e revistas. Das primeiras non sabemos o número, pero das colaboracións en prensa hai constancia de máis de 1.300 das que un tanto por cento grande son etnográficas, inseridas en *El Ideal Gallego, La Noche, El Correo Gallego, O Correo Galego, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Lar* (Buenos Aires), *Vida Gallega, Outeiro* etc. (González Reboredo 2019b).

FONTES DE INFORMACIÓN: ORAIS E ESCRITAS

Comezou a recadar información na adolescencia, basicamente procedente de dúas fontes: a herdada, por formar parte dende o nacemento da comunidade que máis estudou, e a adquirida por medio do traballo de campo e a lectura.

Segundo contaba, as primeiras informantes das que botou man foron as dúas mulleres da casa: a nai e “mamá Antonia”. A segunda era unha señora que estaba de criada con eles dende cando vivían os tíos avós (os que deixaran a súa nai por herdeira), da que sempre falou con enorme cariño:

Con amor de nai coidou da miña infancia, polo que eu en xusta compensación chameille sempre mamá Antonia. Sen saber ler nin escribir pero dotada de gran memoria, ensinoume oracións, ditos, refráns e cántigas, lendas de santos, de mouros, de ladróns e contos de xentes que van de camiño (Fraguas 1985: 13)⁶.

6 Segundo don Antonio, Antonia Pérez Estraviz era natural de Sobrado dos Monxes, serviu algún tempo en Monterroso e foi logo para Mondariz, onde casou e quedou viúva sen fillos. Como non a trataban ben, decidiu marchar e ao pasar por Insuela pediulle ao tío avó se a quería de criada e el aceptou, pasando o

Tamén lle fixeron importantes achegas dúas curmás que vivían na aldea da Costa (Loureiro), de onde era o pai, Tersila e Xulia Fraguas, María Rodríguez do Brixel, algúns veciños de Insuela (Digna e o pai Xosé Rodríguez e Amable Cabirra), Manuel Malvar, coñecido por “Manuel da Costa”, “home de gran imaxinación facía coplas para desafíos de traballos, cinzarradas, e de fiadeiro” (Fraguas 1985: 13), varias mozas das que só di que eran das parroquias de Valongo, Aguasantas e Loureiro, a señora Pilara da Corredoira e a filla Virxinia e, por último, o seu mestre da escola de Famelga, que aconsellara os pais para que estudase, co que sempre mantivo unha excelente relación, non só por esta e outras colaboracións (Fraguas 1947: 443), senón tamén por ir con el e cos alumnos algunha vez ao castro de Famelga:

Fai máis de medio século había unha escola instalada nunha casa situada no campo da feira e o mestre, Don Antonio Vidal Proenza, quixo facer unha leución práctica no castro e levoume de director da curta excursión. Explicado o valor do antigo poboado fixemos unha cala e apareceu cerámica mui pobre e dous pedazos de muíño de lavadoiro, que levou pra escola como material de ensino (Fraguas 1988).

Para o traballo “O Entroido nas terras do Sul de Cotobade” (1930), ademais da experiencia de seu de vivir dende neno na zona, contou coa axuda dalgúns veciños, como o autor do sermón que reproduce de Aguasantas e Valongo, do que non di a que ano pertence: “Todas estas composicións de caraiter tan popular son debidas a un rapaz do Tevoello (parroquia de Augasantas) chamado Manuel Caramés encargado de darlle lectura en varias momadas” (1930: 93), así como de persoas maiores que sabían como se desenvolvía a festa na súa mocidade, antes de desapareceren algunhas manifestacións, como a dos “cichotos” (1930: 86). Non cita ningunha bibliografía.

En “O culto ós mortos” deixou constancia de que non fixo máis que lembrar o que escoitara moitas veces de neno:

Todos istes contos que imos referir proceden da terra de Cotobade onde os ouvín moitas veces e cando era pequeno facíanme arrepiar os cabelos e buscar o mellor acougo posibre pra ollarme fora do zarronco (Fraguas 1931a: 42).

resto da vida coa familia. Tamén contaba que nos últimos anos quedara cega e que caeu da solaina da casa, que aínda non tiña varanda, a causa do que faleceu. Non coincide exactamente co que consta no asento de defunción do rexistro civil de Cotobade, no que se di que Antonia Pérez Estravid (sic) faleceu o 10 de xuño de 1927 aos 80 anos, que era natural de Mondariz, que morreu a consecuencia de “insuficiencia válvula aórtica” e que estaba “viuda ignorándose de quien así como si le queda sucesión”.

Cala o nome dos informantes pero, a diferenza do anterior, insire as primeiras citas bibliográficas: “O Pantasma” de F. Añón, *Supersticiones de Galicia* de Rodríguez López, *As cruces de pedra na Bretaña* de Castelao, un fragmento do romance *A morte da namorada* e o *Cancioneiro de Vila-Real* de Fernando C. Pires de Lima (Porto, 1928).

O seguinte foi unha pequena homenaxe á terra da nai, “Do folk-lore de Armeses-Listanco” (1931). Neste caso todos os datos proceden da familia ourensá, para onde fora traballar de canteiro e onde casara o avó materno, Miguel Fraguas García, natural de Loureiro, coa masidá María Carme Vázquez Gómez, o 17 de xaneiro de 1873 (González Pérez 2006: 29). Non fixo máis que botar man dos parentes: Felisa Fraguas, supoñemos que tía, e os irmáns Luísa, Xesusa, Serxio e Xosé Fraguas, sobriños da anterior e, polo mesmo, curmáns seus. Ademais contou coa colaboración para os debuxos do “querido amigo X. Lourenzo” (Fraguas 1931b: 221). Noutras publicacións tamén hai algunha alusión a esta parroquia, como na dedicada ao estudo do Nadal en Galicia (1947: 402). Non dá bibliografía.

Para “As lendas da Fonte Pormás” (1931) dispuxo de dous informantes: o principal, que lle proporciona canto refire do manancial, Manuel Cardelle Conde, do que só aclara que é “home de corenta e cinco anos, ten certa esprenxia do ouro soterrado, pol-os relatos que seus finados lle fixeron”. Tampouco di onde nacera, aínda que como a fonte está na freguesía da Casteñada (Arzúa), suponse que sería natural dela ou residente. O segundo informante é Xosé Raxó, que debeu vivir en Famelga, non lonxe de Insuela e, polo mesmo, da súa casa, que lle conta que na fonte do castro deste lugar se xuntaban as bruxas os sábados (Fraguas 1932: 218-219). Cita varias publicacións: “Catálogo dos castros galegos. Terra de Celanova” (*Nós*, 1928 e 1929); Apeles Mestres: *Folklore catalá y tradicions* (o título correcto é *Tradicions* da colección “Folklore catalá”); C. Cabal: “Mitología Ibérica” en *Folklore y costumbres de España*; F. López Cuevillas e F. Bouza Brey: “Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza”, t. II dos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*; A. del Llano: *Del folklore asturiano*; “Catálogo dos castros galegos. Bisbarra de Melide” (traballo en proceso de redacción no que el participa, que sairía no libro *Terra de Melide* en 1933), e un artigo de José Diago publicado na *Revista Lusitana*, 1917, do que non dá o título.

Esta publicación, sen ter en conta o libro colectivo de Melide, foi a última anterior ao 18 de xullo de 1936 e á desaparición do SEG.

Das que saen na posguerra só analizaremos as tres primeiras: “Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade” (1943-1944), “El lobo en las tierras de Cotovad” (1945) e “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovo, Xaneiras y Reyes” (1947).

Aínda que a titulou “Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade”, non describe máis de catro, “como algo que ya pertenecen al pasado y vive como recuerdo en la mente de unos cuantos que ayer cifraron su ilusión en tal porfía” (Fraguas 1943-1944: 96): “a pedriña”, “o zamanquiño”, “lipe” e “a cachola”. Non consta ningún informante nin tampouco bibliografía, por non seren máis que lembranzas da súa nenez.

A seguinte publicación tamén está relacionada con Cotobade. Describe como era a “corrida do lobo” do Foxo da Anta, na parroquia da Corredoira, na que ademais participaban os veciños das lindeiras, encargándose de asustar o animal e pechar as cancelas que había nos muros ou sebes, en particular os de Insuela a “cancela torta”. Conta que quen máis sabía de lobos era Pedro de Terrafeita ou o Sr. Vidal de Terrafeita que vivían neste lugar, agora abandonado, da freguesía de Loureiro, que non debeu chegar a coñecer, pois o único informante sobre este tema –segundo un artigo publicado no *Faro de Vigo* en 1989–, foi Bernardino Raxoi, que tomara parte na derradeira corrida que rematou coa morte dun dos cazadores por un disparo da súa propia escopeta. Non dá a data, pero debeu ocorrer a fins do século XIX (Fraguas 1945, 1989).

Na terceira publicación, malia que boa parte da información procede do territorio de Cotobade (Almofrei, Borela, Carballedo, Caroi, Loureiro, Rebordelo, Valongo, Viascón...), tamén recadou moita doutras zonas de Galicia (Arzúa, A Estrada, O Pino, Ponte Carreira, Ponteceso, Rubiá, Vilvestro-Santiago, Vimianzo, Santa Comba, Santiago de Compostela, Sobrado dos Monxes, Tomonde-Cerdedo...). Algunha por medio dos alumnos que tiña na academia Menéndez Pelayo, outra por investigación propia e por diferentes persoas (entre elas, o mestre de Famelga, Antonio Vidal Proenza), e a restante procedente de publicacións. É un bo traballo de recompilación, para o que tamén procurou variantes de aquí e de Portugal, non doado de facer agora, cando xa case non quedan persoas maiores que saiban (e menos enteiras) as cantigas e panxoliñas que tradicionalmente cantaban os nenos e a mocidade polo Nadal, Aninovo e Reis. Ademais dos informantes, dos que dá os nomes en cada caso, insire abundante bibliografía.

As tres restantes que saen na década dos anos corenta, segundo o título refírense a toda Galicia, pero, como ocorre case sempre nas súas publicacións etnográficas, é raro que non haxa algún dato procedente da súa terra: “Contribución al estudio del ‘columpio’ en Galicia” (1948), “Notas del folklor de boda en Galicia” (1948) e “Fiestas populares de Galicia: fiadeiros” (1949).

EPÍLOGO: O GRANDE ETNÓGRAFO DE COTOBADE

Xosé Manuel González Reboredo, que, ademais de alumno, conviviu con don Antonio en varias institucións, salienta del dous trazos: a bonhomía e o afán descritivo (2006: 92).

O primeiro podémolo testificar cantos o tratamos, e para o segundo está a súa obra en xeral e a etnográfica en particular, doada de comprender por calquera lector, non só os artigos xornalísticos, senón os libros e traballos de investigación. Como o cualifiquei cando aínda vivía, era unha persoa que “sabe unir a graza co saber e o maxisterio coa sinxeleza de expresión” (González Pérez 1998: 51). Dos varios membros da súa xeración que tratei, era, sen dúbida, o máis ameno e tamén un dos que mellor sabía chegar a todos con palabras chás –non sen certa retranca algunhas veces–, que lembraban as dos labregos e canteiros do seu Coto-bade natal.

Partindo de que a etnografía é o primeiro chanzo na escala dos estudos antropolóxicos (Lévi-Strauss 1970: 317 ss.), que se circunscribe ao traballo de campo, á recolleita e á descrición dos materiais, atinou ben González Reboredo ao definir a Antonio Fraguas como “etnógrafo puro”, xa que:

nin por formación, nin por estilo persoal non practicou estratexias do discurso antropolóxico como a descrición etnográfica densa [...] Pola contra, limitouse sempre a contar historias “sinxelamente”, como el gustaba dicir, aínda que eran sempre historias debidamente documentadas (2006: 92).

Outro estudoso da súa obra, António Medeiros, afirma que, malia que un antropólogo actual o considere como “un homem da *velha escola*”, un etnógrafo ou folclorista, non sempre é así, xa que:

em muitas outras ocasiões poderia aparecer referido como antropólogo *tout court*, ou ainda antropólogo social ou antropólogo cultural, possibilidades de reconhecimento consolidadas apenas nos anos mais recentes (Medeiros 2005: 6; 2006: 141).

Por último, para Manuel Vilar a súa obra, como a doutros do seu tempo, está dentro do que agora chamamos antropoloxía, pois non pretendía sentar cátedra, nin sinalar teoricamente un camiño, senón traballar por Galicia e a súa cultura e internacionalizala. Os seus traballos:

tamén trataban realidades que tiña diante dos seus ollos, afectaban á sociedade do seu tempo e produciron un coñecemento dirixido a un público. O que fixo

puido ser folclore ou puido ser etnografía naqueles tempos. Hoxe chamámoslle, simplemente, antropoloxía (2019: 37-38).

A súa obra relacionada coa cultura tradicional encádrase nos eidos da etnografía e do folclore, que eran as denominacións predominantes na época en que empezou a publicar. Algunha vez, xa moi de maior, empregou a palabra antropoloxía, coidamos que por primeira vez na obra colectiva *Galicia Eterna* (1984), posiblemente por suxestión do editor. Con posterioridade, agora por influencia da Ponencia (logo Sección) de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, creada a fins de 1986 e da que foi membro e coordinador, volveuna usar varias veces: “Comentarios de Antropoloxía na obra de Xosé María Castroviejo” (1989), “Sinodales de Tui: notas antropolóxicas” (1990), e no prólogo da segunda edición de *La Galicia insólita. Tradiciones Gallegas*, (afirma que o libro “es una exposición de temas de antropología cultural”, 1990: 7). Tamén ao falar dalgúns etnógrafos: “Alberto Vieira Braga: ilustre antropólogo” (1993) e “Antropólogos de comezos de século: Don Manuel Vidal Rodríguez e Don Francisco Potel Pardal” (1998).

Un percorrido pola súa cumprida biblioteca amosa que coñecía as obras dos grandes antropólogos e de síntese sobre teoría antropolóxica, agora ben, cómpre advertir que a maioría son edicións que cadran coas tres últimas décadas da súa existencia, polo que influíron pouco ou nada no labor que viña facendo dende mozo, centrado na descrición directa e sinxela dunha cultura que coñecía de sempre e que na última tempada da vida, en moitos aspectos, xa non era máis que unha sombra esvaecida do que fora. Nos andeis non faltan libros relacionados coa cultura tradicional (etnografía, folclore, antropoloxía), de autores norteamericanos, británicos, franceses, alemáns, portugueses, españois e das diferentes comunidades (González Reboredo 2019a: 107 ss.).

Como outros investigadores coevos, decidiu manterse na liña que trazara de mozo, considerando o seu traballo como unha achega para o futuro, para os antropólogos de agora, cando das manifestacións que recolleu non queden máis que as súas descricións, convencido de que pertencía a unha das últimas xeracións que viviu esa cultura, ese xeito propio de ser, traballar e divertirse, que se ía perder para sempre dentro de poucos anos engulido pola tecnoloxía e os medios de comunicación.

Sen o labor de Antonio Fraguas e doutros etnógrafos e folcloristas anteriores e posteriores, os antropólogos de hoxe en día carecerían de moitas fontes de información de grande interese, non posibles de recuperar cando as manifestacións e os que as practicaban xa desapareceron.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA

IEGPS: SEG (1935) = Instituto de Estudios Gallegos P. Sarmiento: Fondo *Seminario de Estudos Galegos: correspondencia*.

BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

Abel Vilela, Adolfo de (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Lugo, a etapa da liberdade e do recoñecemento intelectual e social (1950-1059)*. Lugo: Concello.

Fraguas Fraguas, Antonio (1927): "Compostela al día. Un artista olvidado. Uxío Souto", *El Pueblo Gallego* 8/X/1927, 9.

————— (1929): "Unha serán na catedral", *A Nosa Terra* 261, 9-10.

————— (1930): "O Entroido nas terras do sul de Cotobade", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 77, 84-94.

————— (1931a): "O culto ós mortos", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 87, 42-46.

————— (1931b): "Do folk-lore de Armeses-Listanco", *Nós* 96, 221-227.

————— (1932): "As lëndas da Fonte Pormás", *Nós* 108, 218-221.

————— (1933): "Domingo de ramos na aldea", *Cristal* 10, 23.

————— (1935): "Nos cantamos?", *Logos* 47, 95-96.

————— (1943-1944): "Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 14, 95-102.

————— (1945): "El lobo en las tierras de Cotovad", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* XV, 129-137.

————— (1947): "Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 3(3-4), 401-446.

————— (1968): "Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e de seu tempo", *Grial* 21, 334-357.

————— (1985): *Aportacións ó cancionero de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.

————— (1987): "El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade", *Gallaecia* 9-10, 271-278.

————— (1988): "O castro de Famelga", *Faro de Vigo* 13/II/1988.

————— (1989): "O derradeiro lobo no Foxo da Anta", *Faro de Vigo* 8/VIII/1989.

————— (1990): *La Galicia Insólita. Tradiciones Gallegas*. 2ª ed. Sada: Edicións do Castro.

- (1997): “O muíño nas terras do sul de Cotobade”, en *1^{as} Jornadas Nacionais sobre Molinología: Santiago de Compostela, 22 a 25 de novembro de 1995*. Sada: Edición do Castro, 13-17.
- (1999): “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial* 144, 621-629.
- (2019): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.342>
- González Pérez, Clodio (1998): *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*, Vigo: Ir Indo edicións.
- (2006): “Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra, 1905-1999”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. *Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [24]-89.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1997): “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista galega do ensino* 17, 13-34.
- (2006): “O etnógrafo Antonio Fraguas”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. *Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [90]-117.
- (2019a): “Antonio Fraguas. O profesor de xeografía e o etnógrafo de Cotobade”, en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 97-129.
- (2019b): “Antonio Fraguas, articulista divulgador da cultura galega”, en Luís Cochón e Justo Beramendi (eds.), *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candéal*. *Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 249-262.
- Latas, Ramón (1995): “Antón Fraguas Fraguas, cronista oficial de Galicia”, *Encrucillada* 95, 53-56.
- Lévi-Strauss, Claude (1970): *Antropología estructural*. Buenos Aires: Eudeba, Editorial Universitaria de Buenos Aires.
- López Cuevillas, Florentino (1928): “Prehistoria galega. Nota en col de unha inscultura inédita de Tenoiro”, *Vida Gallega* 374, [sen paxinar].
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edición do Castro.
- Medeiros, António (2005): “Evocações: Um polígrafo galeguista, a etnografia e a presença da morte na Galiza contemporânea”, *Adra* 0, 5-18.

- (2006): *Dois lados de um rio. Nacionalismo e etnografias na Galiza e em Portugal*, Lisboa: Instituto de Ciências Sociais da Universidade de Lisboa.
- Méndez García, Rosa M.^a, Patricia Gómez España e Sandra Vázquez Gómez (2006): “Bibliografía”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu Centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 258-267.
- Vilar Álvarez, Manuel (2019): “Don Antonio Fraguas Fraguas na Antropoloxía”, *Raigame* 43, 36-43.